
FELIZ IDADE

Textos de OLGA NOVO

Ilustracións de DIN MATAMORO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 152 páx. 14 €

ISBN 978-84-16721-24-5. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

PREMIO NACIONAL DE POESÍA 2020

PREMIO NACIONAL DA CRÍTICA ESPAÑOLA 2019

V PREMIO GALA DO LIBRO 2020 (POESÍA)

PREMIO DA CRÍTICA DE GALICIA 2020 (CREACIÓN LITERARIA)

Coma se caera unha pedra no centro do mundo

e o seu eco se sentira máis aló dos sentidos.

Coma se un xesto dun antepasado meu de súpeto volvera

á existencia

a engrandecela anulando o tempo

e tódalas campás tocasen a vida nos altos campanarios

do sangue.

Coma se o mundo caera no centro dunha pedra

e o seu sentido se sentira máis aló do eco

e a poesía perdera o coñecemento nos brazos do amor...

Con «Feliz Idade», Olga Novo tende unha mecha desde a xeración que a precedeu á que lle segue; entre o onte e o mañá da estirpe, alén do pasamento do pai e da nenez da filla. Nese punto, no territorio puro e esperanzado do presente, estes versos ofrécennos o avanzar dun lume libertario ao que os seus lectores asistimos enmeigados e pamos.


É cando a palabra se vai recreando, co seu devir, no mundo rural, telúrico e bíblico da Terra á maneira de John Berger, nas lonxitudes dun discurso incesante, ao Walt Whitman, e nas múltiples luzadas que soamente poden aparecer desde o preliterario, ao xeito de Rosalía de Castro.

Canda moitos outros confrades e parceiros electivos (Dylan Thomas, Anaís Nin ou Luís Pimentel, ademais da enxurrada desbordada do surrealismo), a deste libro é tamén unha poesía sinestésica, ancorada na patria dos que saben amarse con tolemia incondicional.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: «[Os ángulos da brasa](#)» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «[Onde nunca é mañá](#)», «[Rigorosamente humano](#)» e «[Clave de bóveda](#)» de Manuel Álvarez Torneiro; «[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «[Triptico](#)» de Antoni Marí; «[Espiral de sombras](#)» de Xavier Seoane; «[Estrela do norte](#)» de Luís Rei Núñez; «[Tempo de exilio](#)» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «[Diario de Crosses Green](#)» e «[A ganancia e a perda](#)» de Martín Veiga; «[Tempo transfigurado](#)» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «[Cervatos](#)» de Lucía Novas.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/feliz-idade-g>

Olga Novo

(A Pobra do Brollón, 1975)

Poeta, filóloga e profesora de Ensino Secundario, exerceu a docencia nas Universidades de Rennes e de Lorient, na Alta e na Baixa Bretaña. Ademais de moitas colaboracións en revistas e mais en antoloxías, publicou os libros *A teta sobre o sol* (1996), *Nós nus* (1997, Premio Losada Diéguez), *A cousa vermella* (2004) e *Cráter* (2011, Premio da Crítica). Como ensaísta é autora, entre outros, dos volumes *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999, 2008) e *Uxío Novoneyra. Lingua loaira* (2005, Premio de Investigación Ánxel Fole). Distinguida co Premio Nacional de Poesía 2020 por *Feliz Idade*, que tamén recibiu os Premios da Crítica a nivel estatal e galego e o Premio Gala do Libro Galego.